

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.^a, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 22.12.2016 Hora: 10:30

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 22 de decembro de 2016, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, conforme ao establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986

Punto 2. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 523 (10/POC-000030)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a información do Goberno galego en relación coa situación na que se atopa a empresa de confección Viriato e as súas traballadoras, aí como as actuacións levadas a cabo ou previstas para a busca dunha solución ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 8, do 07.11.2016
- 1.2 796 (10/POC-000079)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 4 máis
Sobre os resultados da posta en marcha en Galicia do proxecto denominado Praias sen fume e a valoración da Consellería de Sanidade e do Sergas ao respecto. (Procedemento de urxencia)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 10.11.2016
- 1.3 1728 (10/POC-000242)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación da provincia de Ourense dun centro público para a atención integral ás persoas con diversidade funcional con prazas de centro de día e de respiro familiar, o número de prazas e o equipamento que vai ter, así como a modificación do actual proxecto para garantir todos os servizos sociais e sanitarios necesarios
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 09.12.2016
- 1.4 1825 (10/POC-000257)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 4 máis
Sobre a información da Consellería de Sanidade en relación coas dificultades de acceso ao Sergas que está a padecer o colectivo de emigrantes galegos retornados, as súas causas e as medidas previstas para reverter os efectos neles do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 09.12.2016

Punto 3. Proposicións non de lei en Comisión

- 2.1 487 (10/PNC-000020)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de prazas e o modelo de xestión da residencia para persoas maiores do Cornuval, no concello do Carballiño
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 7, do 04.11.2016
- 2.2 614 (10/PNC-000034)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Sergas en relación coa sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que declara ilegal a sucesión de contratos temporais para cubrir prazas estruturais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016
- 2.3 1154 (10/PNC-000106)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva e 4 máis
Sobre a consignación polo Goberno galego no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 dos recursos necesarios para a construción do novo centro de saúde de Aldán-O Hío (no concello de Cangas), así como a execución das obras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 24.11.2016
- 2.4 1225 (10/PNC-000114)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 5 máis
Sobre o impulso polo Goberno da creación dunha consulta especializada de enfermería oncolóxica no Hospital da Costa de Burela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2016

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 14/12/2016 14:03:09

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.^a, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Jesús Vázquez Almuíña	P
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.12.2016

Hora: 10:30

Orde do día

1. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, conforme ao establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.12.2016

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.12.2016

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 523(10/POC-000030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a información do Goberno galego en relación coa situación na que se atopa a empresa de confección Viriato e as súas traballadoras, aí como as actuacións levadas a cabo ou previstas para a busca dunha solución ao respecto

Publicación da iniciativa, 8, 07.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 523
Data envío: 28/10/2016 16:21:23.213

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á situación da empresa Viriato e das súas traballadoras.

A empresa de confección Viriato de Ordes despediu en agosto de 2015 a 40 traballadores, que aínda a día de hoxe non recibiron a indemnización correspondente. Actualmente 109 traballadoras están en risco de quedar sen traballo pero aínda así débeselles a paga extra de beneficios e a de verán, parte da nómina de xullo, o salario de agosto e parte do de setembro.

A empresa atópase en concurso de acredores publicado o 29 de setembro, e a día de hoxe polas declaracións dos responsábeis da empresa non se ven posibilidades de que poidan cobrar as mensualidades que vaian vencendo mentres están en concurso, e ademais disto non teñen materia prima para fabricar e atender os pedidos existentes, nin combustible necesario para o funcionamento da maquinaria.

Estamos diante dun tema preocupante, tanto polos 40 despedimentos como porque existe a posibilidade de que 109 traballadoras queden sen emprego, co agravante de que de manterse esta situación no tempo o que se lles adebeda poida superar no seu momento a cobertura máxima do fondo de garantía salarial.

Trátase de man de obra fundamentalmente feminina, e estamos diante dun problema que xa ven de atrás e sendo esta unha empresa importante no tecido



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 523
Data envío: 28/10/2016 16:21:23.213

económico da comarca de Ordes, o problema humano e social que se xera ten unha forte repercusión negativa en toda a comarca de Ordes.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-A Xunta de -Galiza coñece esta situación?

-Iniciou, ou vai iniciar, algunha acción a Consellería de Tráballo para buscar solución á problemática da empresa e dos traballadores/as?

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2016

Asdo.: **Xosé Luís Rivas Cruz**

Ana Belén Pontón Mondelo

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 523

Data envío: 28/10/2016 16:21:23.213

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/10/2016 16:19:55

Ana Pontón Mondelo na data 28/10/2016 16:20:00

María Montserrat Prado Cores na data 28/10/2016 16:20:06

Olalla Rodil Fernández na data 28/10/2016 16:20:08

Noa Presas Bergantiños na data 28/10/2016 16:20:13

Xosé Luis Bará Torres na data 28/10/2016 16:20:17

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.12.2016

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 796(10/POC-000079)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 4 máis

Sobre os resultados da posta en marcha en Galicia do proxecto denominado Praias sen fume e a valoración da Consellería de Sanidade e do Sergas ao respecto. (Procedemento de urxencia)

Publicación da iniciativa, 11, 10.11.2016



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2016 11:30
Nº Rexistro: 796
Data envío: 07/11/2016 11:30:48.309

Á Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Miguel Tellado Filgueira, Marta Rodríguez Arias, Encarnación Amigo Díaz e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral Urxente en Comisión**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de grande interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

O pasado verán, presentouse a Rede Galega de Praias sen Fume, iniciativa posta en marcha pola Consellería de Sanidade para promover praias que respecten e coiden o medio ambiente.

Este proxecto de Praias sen fume é o primeiro que se impulsa a nivel de toda unha Comunidade Autónoma, sendo Galicia, unha vez máis, pioneira dunha iniciativa no contorno da promoción da saúde e prevención da enfermidade.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral urxente en Comisión:

“Cáles son e cómo valoran a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde os resultados do proxecto Praias sen fume neste primeiro verán dende a súa implantación?”

Santiago de Compostela 07 de novembro de 2016.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2016 11:30
Nº Rexistro: 796
Data envío: 07/11/2016 11:30:48.309**

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 07/11/2016 11:23:22

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/11/2016 11:23:32

Marta Rodríguez Arias na data 07/11/2016 11:23:43

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/11/2016 11:24:07

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 07/11/2016 11:24:21

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.12.2016

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 1728(10/POC-000242)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación da provincia de Ourense dun centro público para a atención integral ás persoas con diversidade funcional con prazas de centro de día e de respiro familiar, o número de prazas e o equipamento que vai ter, así como a modificación do actual proxecto para garantir todos os servizos sociais e sanitarios necesarios

Publicación da iniciativa, 27, 09.12.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 17:28
Nº Rexistro: 1728
Data envío: 28/11/2016 17:28:47.433



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, Eva Solla Fernández e Davide Rodríguez Estévez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.ª, relacionada coa necesidade de que Ourense conte cun centro público de atención especializada a persoas con diversidade funcional**.

As persoas con diversidade funcional maiores de 21 anos da provincia de Ourense non dispoñen, a diferenza do resto das provincias galegas, dun centro público de atención especializada a persoas con diversidade funcional. Deste xeito, as persoas afectadas ou fican na casa familiar ou teñen que recorrer a prazas en residencias xeriátricas ou nos CAPD das outras provincias, o que supón discriminación na atención especializada e/ou problemas económicos.

A Plataforma ProCAPD Ourense, formada por pais e nais de persoas con diversidade funcional da provincia de Ourense e por diversas organizacións políticas e sociais, levan tempo reivindicando que en Ourense exista un centro de atención a persoas con diversidade funcional, terapéutico e residencial, con prazas de centro de día e de respiro familiar, para a atención integral ás persoas con diversidade funcional, 100% de xestión pública, comprometéndose por escrito (o 19 de setembro de 2016), antes das eleccións galegas, os partidos maioritarios a levalo a cabo de gobernar a Xunta.

A Xunta de Galicia adxudicou, mediante o procedemento negociado sen



publicidade, a redacción do proxecto de CAPD para Mariñamansa, coa seguinte denominación: “centro ocupacional con servizo de atención diúrna e residencial”.

Tras consultar este proxecto, a Plataforma Pro-CAPD non está satisfeita co mesmo, pois, tal como está concibido, non reuniría as condicións solicitadas, pois un centro ocupacional non cubriría as necesidades da maioría de rapaces e rapazas con discapacidade física, parálise cerebral ou dano cerebral. Ademais, no proxecto presentado non se contempla cociña nin lavandería, polo cal se deduce que a xestión destes servizos será indirecta. Por outra parte, o cálculo de prazas residenciais do futuro centro de Ourense non chega ao dispoñíbel noutras provincias, xa que nesta primeira fase se contemplarían 18 prazas residenciais e 30 de centro de día, e na segunda fase 28 residenciais.

En atención ao referido, as deputadas e o deputado que subscriben, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:

- Contará Ourense cun centro público para a atención especializada ás persoas con diversidade funcional que dea resposta ás necesidades da provincia en canto a prazas e servizos?

- Con cantas prazas de respiro familiar, de centro de día, de talleres ocupacionais e de residentes contará o CAPD de Ourense e en que prazo de tempo?

- Contará o CAPD de Ourense con servizo de lavandería, cociña, logopedia, fisioterapia e outras terapias xestionados de forma directa?



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 17:28
Nº Registro: 1728
Data envío: 28/11/2016 17:28:47.433



- Cantas persoas con diversidade funcional da provincia de Ourense están sendo atendidas en centros das provincias de Pontevedra, Lugo e A Coruña?

- Vai modificar o actual proxecto do CAPD de Ourense para que, tal e como o PP se comprometeu na campaña electoral, garanta a atención a todas as persoas con diversidade funcional da provincia garantindo todos os servizos sociais e sanitarios que as mesmas necesitan?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 28/11/2016 17:25:23

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/11/2016 17:25:32

Eva Solla Fernández na data 28/11/2016 17:25:37

David Rodríguez Estévez na data 28/11/2016 17:25:44

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.12.2016

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 1825(10/POC-000257)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre a información da Consellería de Sanidade en relación coas dificultades de acceso ao Sergas que está a padecer o colectivo de emigrantes galegos retornados, as súas causas e as medidas previstas para revertir os efectos neles do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións

Publicación da iniciativa, 27, 09.12.2016



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os emigrantes retornados son un colectivo que vén presentando moitas reivindicacións nos últimos anos relacionadas, principalmente, co tratamento recibido por parte do Ministerio de Facenda do Goberno de España e a reclamación desproporcionada de tributación. Ademais de estas problemáticas, este colectivo vese afectado tamén polo tratamento recibido en outros eidos dos servizos públicos, como pode ser o acceso a residencias no caso das persoas de maior idade necesitadas, ou a tramitación de axudas vinculadas á Lei de dependencia.

Un problema engadido para este colectivo supón o acceso ao sistema de saúde público. A Lei 14/1986, General de Sanidad consagrou un sistema de saúde público e universal. A modificación do Real decreto 16/2012 promovido de urxencia evitando o debate parlamentario baixo a argumentación da situación de crise económica, modificou de maneira profunda esa concepción apoiándose nas ideas de “asegurado” e “beneficiario” do sistema de saúde. A figura de “asegurado”, consagrada no devandito decreto, confronta coa idea de sanidade universal e, neste caso, ten como prexudicados aos emigrantes retornados (entre outros colectivos como os inmigrantes, que son máis duramente castigados polo decreto polo feito de selo).

A Xunta de Galicia desenvolveu, ante a situación de presión social, un Programa galego de protección social da saúde pública, pretendendo amosar a imaxe de tentar solapar as carencias provocadas no sistema. En primeiro lugar, a elaboración deste programa amosa o recoñecemento implícito dun problema de desasistencia provocado polo Real decreto 16/2012. Ademais este programa, lonxe de cubrir os problemas que o decreto xerou, presenta problemas na súa formulación. A formulación do programa se orienta a situacións moi específicas, de condicións difíciles a nivel socioeconómico e con requisitos de acceso que implican o empadramento previo durante 6 meses, non sendo un programa que dea saída aos problemas relacionados cos emigrantes retornados.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A pesares de todo isto, seguen a existir problemas de acceso á sanidade por parte de emigrantes retornados, que continúan a destapar problemas asistenciais e as reclamacións de cobro que o Sergas está a facer para garantir o seu dereito asistencial, fundamentalmente baseados no feito de non ter un traballo polo que estar cotizando á Seguridade Social. Este colectivo atópase, por tanto, nunha situación de indefensión a efectos de atención sanitaria, pois moitos deles non están sendo atendidos por non poder cubrir o criterio de ser “asegurados”.

Este escenario constitúe unha situación de indefensión ante sanidade pública, e un incumprimento do principio de universalidade do sistema.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1.Ten a Consellería de Sanidade constancia da existencia destas dificultades de acceso ao Sergas por parte do colectivo de emigrantes retornados?
- 2.Cal é o motivo polo que a Consellería de Sanidade dificulta a atención sanitaria ao colectivo de emigrantes retornados?
- 3.Ten o Goberno de Galicia un cálculo do número de emigrantes retornados afectados polo Real decreto 16/2012 e que se atopen fóra da cobertura universal do sistema de saúde público?
- 4.Considera a Xunta de Galicia que esta é unha medida que constitúe un aforro? Ten a Xunta de Galicia un cálculo estimativo da cantidade aforrada no último exercicio económico pechado?
- 5.Ten previsto a Xunta de Galicia realizar algún tipo de acción para reverter o efecto do Real decreto 16/2012, do 20 de abril, sobre a poboación galega de emigrantes retornados?

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2016

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Patricia Vilán Lorenzo
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 12:20
Nº Rexistro: 1825
Data envío: 30/11/2016 12:20:43.065



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 30/11/2016 11:34:10

Noela Blanco Rodríguez na data 30/11/2016 11:34:19

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 30/11/2016 11:34:25

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/11/2016 11:34:33

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/11/2016 11:34:36

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.12.2016 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.12.2016

Hora: 10:30

Orde do día

3.1 487(10/PNC-000020)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de prazas e o modelo de xestión da residencia para persoas maiores do Cornuval, no concello do Carballiño

Publicación da iniciativa, 7, 04.11.2016



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamento dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A situación da atención aos dependentes e aos nosos maiores, están a sufrir un grave deterioro derivado das políticas de redución e desatención dos gobernos do señor Feijoo, ademais do limbo da dependencia, nos últimos anos a dereita converteu en costume a privatización da xestión de centros públicos, así como o desvío das peticións de prazas a residencias concertadas, evidenciando unha vez máis o interese do Partido Popular en privatizar os servizos públicos para facer negocio a conta dos mesmos.

Este ámbito é mostra tamén das disfuncións territoriais e da marxinación que sofre Ourense, precisamente na provincia máis envellecida de España, onde o número de persoas maiores de 64 anos triplica á das menores de 16.

A residencia de maiores do Cornuval, radicada no Concello do Carballiño, é un exemplo desta política de desmantelamento do público posta en marcha pola dereita.

As instalacións deste centro, cuxa apertura se retrasou durante case cinco anos dende a finalización das obras, tiveron un custe para o Goberno galego de 6,7 millóns de euros. Os socialistas defendemos daquela, e seguimos mantendo, que para garantir a igualdade e calidade na prestación das políticas sociais a xestión deste centro debera ser tamén pública.

A pesares das mobilizacións protagonizadas daquela pola plataforma cidadá en defensa da residencia do Cornuval, da que formaban parte formacións políticas, sindicatos, veciños e veciñas do Carballiño, a



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar Social, licitaba en novembro de 2014, e adjudicaba posteriormente a xestión desta residencia de maiores construída con cartos públicos a unha empresa privada.

Á privatización da xestión deste centro súmase tamén o feito de estar infrautilizado, xa que despois de dous anos de funcionamento, con tan só 20 prazas cubertas do total de 84 para as que foron creadas estas instalacións, a Administración autonómica unicamente creou recentemente outras cinco, pasando a contar con 25 persoas dependentes. Contribuíndo este feito non soamente a incrementar a lista de espera nunha comarca especialmente envellecida, senón tamén a que o equipamento deste centro corra o risco de deteriorarse polo desuso, e a perder a oportunidade de xerar emprego.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que incremente, de maneira urxente, o número de prazas públicas dispoñibles ata chegar ao número para a que foi creada a residencia de maiores “O Cornuval” do Concello de O Carballiño.
2. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a cambiar o modelo de xestión da residencia de maiores de O Cornuval, pasando a ser de xestión 100% pública.

Pazo do Parlamento, 26 de outubro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/10/2016 18:19:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/10/2016 18:27
Nº Rexistro: 487
Data envío: 26/10/2016 18:27:10.421



 **Grupo Parlamentario**

Julio Torrado Quintela na data 26/10/2016 18:20:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/10/2016 18:20:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.12.2016

Hora: 10:30

Orde do día

3.2 614(10/PNC-000034)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Sergas en relación coa sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que declara ilegal a sucesión de contratos temporais para cubrir prazas estruturais

Publicación da iniciativa, 10, 09.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 18:20
Nº Rexistro: 614
Data envío: 02/11/2016 18:20:47.341

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e dos deputados **Olalla Rodil Fernández, Xosé Luís Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Xosé Luís Bará Torres e Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que declara ilegais a sucesión de contratos temporais para cubrir prazas estruturais.

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea fixo pública,, a finais do mes de setembro unha sentenza sobre a sucesión de contratos temporais para cubrir prazas estruturais, que determina que esta práctica vulnera a normativa europea. Afirma a mesma, que a renovación de contratos ou relacións laborais de duración determinada para cubrir necesidades que, de feito, non teñen carácter provisional, senón permanente e estábel, non está xustificada, na medida na que tal utilización de contratos ou relacións laboais de duración determinada oponse directamente á premisa de que os contratos de traballo de duración indefinida constitúen a forma máis común de relación laboral.

A sentenza, condena ao Estado español polo sistema de contratación no ámbito da Administración pública sanitaria, e reconece expresamente a existencia sistemática de abusos e fraudes, e cualifica de “mal endémico” a cobertura de postos no sector dos servizos de saúde mediante nomeamentos de persoal estatutario temporal para cubrir necesidades permanentes e estábeis, a pesares de existir un déficit estrutural de postos de traballo.

Da aplicación desta sentenza pode derivarse o recoñecemento sistemático de



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 18:20
Nº Rexistro: 614
Data envío: 02/11/2016 18:20:47.341



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

interinidades ás persoas con contratos sucesivos, sin que estas sexan as que lle corresponda pola puntuación nas listas de contratación.

Esta sentenza ratifica tanto as denuncias como as petición de rectificación da política de persoal do Sergas, realizadas polo Bloque Nacionalista Galego.

O BNG ten denunciado en múltiples ocasións que a Consellaría de Sanidade leva a cabo dunha política de persoal que precariza e destrúe emprego público. Practica sistematicamente a eliminación de postos de traballo na sanidade pública galega a través da aplicación dunha taxa de reposición que ano tras ano elimina persoal do SERGAS. Unha escasa convocatoria de prazas nas OPE, ao que hai que engadir que tampouco autorizan contratos estábeis de interinidade. Isto conleva que o persoal, para cubrir o mesmo posto, asine múltiples contratos.

Esta política laboral dificulta a prestación do servizo, supón sobrecarga asistencial, precaridade e inestabilidade, impide a consolidación de emprego de todo o persoal e afonda nas privatizacións.

Esta sentenza, pon en entredito a política laboral do SERGAS, é evidente que ten que dar unha solución inmediata a esta situación, na que se garantan os dereitos individuais d@s afectad@s, mais tamén o respecto á orde de nomeamentos pactada, onde se recoñece a premisa de igualdade, mérito e capacidade.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión,

“O Parlamento de Galiza insta ao SERGAS a:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 18:20
Nº Rexistro: 614
Data envío: 02/11/2016 18:20:47.341

- Elaborar de xeito urxente un catálogo onde se identifiquen todas as prazas estruturais, actualmente cubertas con nomeamentos temporais, e proceder á súa cobertura mediante nomeamentos por interinidade, seguindo a prelación establecida nas listas de contratación.

- Realizar unha convocatoria de OPE co 100% das prazas vacantes reais e non cubertas e en todas as categorías profesionais.”

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luís Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2016 17:09:50

María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2016 17:10:00



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 18:20
Nº Rexistro: 614

Data envío: 02/11/2016 18:20:47.341

Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2016 17:10:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2016 17:10:07

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2016 17:10:13

Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2016 17:10:18

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.12.2016

Hora: 10:30

Orde do día

3.3 1154(10/PNC-000106)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e 4 máis

Sobre a consignación polo Goberno galego no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 dos recursos necesarios para a construción do novo centro de saúde de Aldán-O Hío (no concello de Cangas), así como a execución das obras

Publicación da iniciativa, 19, 24.11.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa portavoz s. Eva Solla Fernández e das súas deputadas e deputados Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Juan José Merlo Lorenzo e Paula Quinteiro Araújo, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión, relativa ao novo Centro de Saúde de Aldán - O Hío.**

No ano 2009, coa entrada do Partido Popular, abandonouse o Plan de Mellora da Atención Primaria, ducias de centros de saúde prometidos ficaron esquecidos. Sen embargo, o Goberno mantivo a promesa de construción sobre algúns deles.

No caso do Centro de Saúde de O Hío, no Concello de Cangas, o Goberno municipal mercou e puxo a disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios en O Viso para a súa construción, cun investimento público de 400.000 euros. O proxecto chegou a aparecer mesmo orzamentado pola Xunta no exercicio 2012, para desaparecer os anos seguintes, sen que este se tivese levado a cabo e incumprindo as promesas contraídas.

Inexplicablemente, catro anos despois o centro de saúde continúa sen construírse, poñendo en dúbida o compromiso do Goberno da Xunta de Galicia coa saúde das veciñas e veciños do Morrazo. Pero ademais, malgastando os recursos públicos, por unha banda coa compra duns terreos



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 1154
Data envío: 14/11/2016 18:59:18.532



que continúan paralizados e por outra co gasto do acondicionamento das instalacións actuais.

Por todos estes feitos, e dado o próximo debate orzamentario, **En Marea** realiza a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a orzamentar, nos orzamentos de 2017, e executar o proxecto e a obra do Centro de Saúde de Aldán- O Hío.

Compostela, 14 de Novembro de 2016

Asdo. Eva Solla Fernández

Portavoz s. do G.P. de En Marea

Asdo. Carmen Santos Queiruga

Marcos Cal Ogando

Juan José Merlo Lorenzo

Paula Quinteiro Araújo

Deputados e deputadas do GP. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 14/11/2016 18:57:49

Carmen Santos Queiruga na data 14/11/2016 18:57:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 1154
Data envío: 14/11/2016 18:59:18.532

Marcos Cal Ogando na data 14/11/2016 18:58:04

Juan José Merlo Lorenzo na data 14/11/2016 18:58:17

Paula Quinteiro Araújo na data 14/11/2016 18:58:25

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.12.2016

Hora: 10:30

Orde do día

3.4 1225(10/PNC-000114)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 5 máis

Sobre o impulso polo Goberno da creación dunha consulta especializada de enfermería oncolóxica no Hospital da Costa de Burela

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2016 11:22
Nº Rexistro: 1225
Data envío: 16/11/2016 11:22:17.748

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Manuel Balseiro Orol, Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

Un dos avances máis significativos na sanidade pública da Mariña lucense acadados na pasada lexislatura por decisión do Goberno galego foi a posta en marcha en novembro de 2014 da sala de oncohematoloxía no Hospital da Costa.

Este novo servizo permitiu que moitos enfermos de cancro poidan recibir no centro hospitalario mariñán, preto dos seus fogares e sen necesidade de desprazarse ata a cidade de Lugo ou da Coruña, os tratamentos de quimioterapia prescritos xunto á asistencia dun oncolóxico.

Aínda que a súa implantación foi progresiva ao longo do tempo hoxe, desde principios do mes de setembro, as consultas xa funcionan os cinco días da semana, o que significa que o servizo xa está a pleno rendemento.

Neste momento o hospital aplica os tratamentos de quimioterapia a todas as patoloxías oncolóxicas. De feito cada doente ten un oncolóxico de referencia especializado na súa patoloxía o que achega maior calidade ao servizo.

Visto os avances acadados ata o de agora no tratamento e coidado dos enfermos de cancro da Mariña lucense e co obxecto de seguir mellorando e complementando este servizo, sería positivo poñer en marcha unha consulta de enfermería oncolóxica, que xa existe en Lugo e Monforte.

Có obxecto de servir de apoio a esta petición, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a impulsar a creación dunha consulta especializada de enfermería oncolóxica no Hospital da Costa de Burela para complementar a prestación asistencial do novo hospital de día de oncohematoloxía

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2016 11:22
Nº Rexistro: 1225
Data envío: 16/11/2016 11:22:17.748**

posto en marcha na pasa legislatura neste centro e que está a contribuír dun modo altamente eficaz á mellora da atención, tratamento e calidade de vida dos enfermos de cancro”.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/11/2016 11:20:11

José Manuel Balseiro Orol na data 16/11/2016 11:20:22

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/11/2016 11:20:40

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/11/2016 11:20:47

Marta Rodríguez Arias na data 16/11/2016 11:20:55

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 16/11/2016 11:21:08

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 16/11/2016 11:21:27

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com